



**Carballiño 4 de Marzo de 2009.** Membros de Amigos da Terra, ADEGA e Matar por Matar Non atoparon no día de hoxe unha fosa común con numerosos cans sacrificados. O vídeo gravado pola asociación ecoloxista Amigos da Terra deixa ben as claras a magnitude do asasinato dos animais. Temos que salientar que os feitos foron denunciados ante a autoridade competente.

**Sacrificar cans sen estar debidamente autorizado e ademais facelo en condicións non axeitadas é un delito de carácter penal.** Agardamos que os responsables desta masacre sexan conscientes da extrema gravidade dos feitos e que teñan por seguro que esixiremos que a lei caia con toda contundencia contra eles.

**Aviso o vídeo dos feitos pode ferir a sensibilidade**